## CONSELLERÍA DE FACENDA

*Orde do 23 de xullo de 2009 pola que se procede ao nomeamento como funcionarios/as de carreira do corpo superior de administración da Xunta de Galicia, grupo A, dos/das aspirantes que superaron o proceso selectivo convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007.*

Unha vez rematado o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior de administración da Xunta de Galicia, grupo A, convocado pola Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 28 de decembro de 2007 (DOG número 7, do 10 de xaneiro e 2008), e realizado o acto de elección de destino definitivo previsto na Orde do 16 de xullo de 2009 (DOG número 141, do 21 de xullo), esta consellería, de conformidade co disposto no Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia e demais normas concordantes,

*DISPÓN:*

Nomear funcionarios/as de carreira do corpo superior de administración da Xunta de Galicia, grupo A, aos/ás aspirantes aprobados/as que se relacionan no anexo desta orde, ordenados/as, de acordo coa puntuación final obtida, e adxudicarlles, como destinos definitivos, os que figuran no mesmo anexo, de acordo co acto de elección de destino que tivo lugar o día 23 de xullo de 2009.

Para adquiriren a condición de funcionarios/as de carreira, as persoas a que se refire o anexo desta orde deberán cumprir os requisitos exixidos no artigo 47 do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e tomar posesión do correspondente posto de traballo no prazo dun mes, que comezará a computarse a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición perante a conselleira de Facenda no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde esa mesma data ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2009.

Marta Fernández Currás
Conselleira de Facenda

*ANEXO*

| Nº | NIF | Apelidos e nome | Posto elixido | Código do posto | Denominación | Nivel | Centro destino | Centro directivo | Concello | Formación | Titulación | Observacións | Carácter |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 76904007B | Blanco Dorado, Albertina | 43 | VP2010000015770016 | Posto base grupo A | 20 | Secretaría Xeral e de Relacións Institucionais | Secretaría Xeral e de Relacións Institucionais | Santiago de Compostela | | Lic. dereito | | Definitivo |
| 2 | 32826872F | López Sánchez, María Nieves | 31 | TRA991000015001047 | Posto base grupo A | 20 | Centro de Seguridade e Saúde Laboral da Coruña | Servizos periféricos- Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral | A Coruña | | | | Definitivo |
| 3 | 36126877H | Alonso Castro, Elena | 66 | PEC991000036560008 | Posto base grupo A | 20 | Deleg. Territorial de Pontevedra (Vigo) | Servizos periféricos | Vigo | | | | Definitivo |
| 4 | 44806687L | González-Dopeso Portela, Laura María | 25 | SAC020000015770014 | Posto base grupo A | 20 | Secretaría Xeral | Secretaría Xeral | Santiago de Compostela | Para persoal doutra Administración, curso de iniciación de galego (R.I.). | Lic. dereito | | Definitivo |
| 5 | 44835183H | Lobato Mosquera, Natalia | 65 | PEC020000015770047 | Posto base grupo A | 20 | Secretaría Xeral | Secretaría Xeral | Santiago de Compostela | | Lic. dereito | | Definitivo |
| 6 | 36098599F | Mariño Regueiro, Marta | 23 | SAC020000015770007 | Posto base grupo A | 20 | Secretaría Xeral | Secretaría Xeral | Santiago de Compostela | | Lic. dereito | | Definitivo |
| 7 | 44814171M | Rial Barreiro, Sonia | 62 | MRC020000015770006 | Posto base grupo A | 20 | Secretaría Xeral | Secretaría Xeral | Santiago de Compostela | | Lic. dereito | | Definitivo |
| 8 | 33294680H | García de Francisco, Beatriz Almudena | 16 | VIC020000015770005 | Posto base grupo A | 20 | Secretaría Xeral | Secretaría Xeral | Santiago de Compostela | | Lic. dereito | Programa vivenda aluguer | Definitivo |
| 9 | 44613807V | Plaza Martínez, Rubén | 22 | EDC030000015770002 | Posto base grupo A | 20 | D. X. de Ordenación e Innovación Educativa | Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa | Santiago de Compostela | | | | Definitivo |
| 10 | 34994749L | Saavedra Toral, Bruno | 30 | CUC991000032001004 | Posto base grupo A | 20 | Delegación Provincial de Ourense | Servizos periféricos | Ourense | | | | Definitivo |
| 11 | 78799588R | Lorenzo Queiro, Eva | 44 | VP2010000015770017 | Posto base grupo A | 20 | Secretaría Xeral e de Relacións Institucionais | Secretaría Xeral e de Relacións Institucionais | Santiago de Compostela | | Lic. dereito | | Definitivo |
| 12 | 33323528R | Pedrouzo Devesa, Pedro Felipe | 9 | EFC070000015770003 | Posto base grupo A | 20 | D. X. de Planificación Económica e Fondos Comunitarios | Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios | Santiago de Compostela | | | | Definitivo |
| 13 | 34999404M | Conde Veloso, Marta | 36 | TRC991000032001032 | Posto base grupo A | 20 | Delegación Provincial de Ourense | Servizos periféricos | Ourense | | Lic. dereito | | Definitivo |
| 14 | 35473169Q | Oti Cabanelas, Irene | 10 | MAC020000015770008 | Posto base grupo A | 20 | Secretaría Xeral | Secretaría Xeral | Santiago de Compostela | | Lic. dereito | | Definitivo |
| 15 | 36082933G | Lago Fernández, Santiago | 21 | ICC060000015770002 | Posto base grupo A | 20 | D. X. Comercio | Dirección Xeral de Comercio | Santiago de Compostela | | | | Definitivo |

| Nº | NIF | Apelidos e nome | Posto elixido | Código do posto | Denominación | Nivel | Centro destino | Centro directivo | Concello | Formación | Titulación | Observacións | Carácter |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 16 | 44838068M | Couso González, Francisco Tomás | 11 | MAC020000015770009 | Posto base grupo A | 20 | Secretaría Xeral | Secretaría Xeral | Santiago de Compostela | | Lic. dereito | | Definitivo |
| 17 | 44826868Y | Martínez Fernández, Rosa Ana | 2 | PRC020000015770004 | Posto base grupo A | 20 | Secretaría Xeral | Secretaría Xeral | Santiago de Compostela | | Lic. ciencias económicas | | Definitivo |
| 18 | 36147219M | Pérez Medina, Mónica | 7 | EFC020000015770003 | Posto base grupo A | 20 | Secretaría Xeral | Secretaría Xeral e do Patrimonio | Santiago de Compostela | | Lic. dereito | | Definitivo |
| 19 | 33324433D | Puga Galán, Rodrigo | 63 | MRC991000027001013 | Posto base grupo A | 20 | Delegación Provincial de Lugo | Servizos periféricos | Lugo | Para persoal doutra Administración, curso de iniciación de galego (R.I.). | Lic. dereito | | Definitivo |
| 20 | 33312771P | Ochoa Daviña, María de Lourdes | 61 | AGA030000015770010 | Posto base grupo A | 20 | Subdirección Xeral de Programas Feaga | Fogga/Subdirección Xeral de Programas Feaga | Santiago de Compostela | | | | Definitivo |
| 21 | 78797954T | Díaz Teijeiro, Ana | 8 | EFC020000015770005 | Posto base grupo A | 20 | Secretaría Xeral | Secretaría Xeral e do Patrimonio | Santiago de Compostela | | Lic. dereito | | Definitivo |
| 22 | 78795027V | Lamas Mella, Sonia | 32 | TRC020000015770005 | Posto base grupo A | 20 | Secretaría Xeral | Secretaría Xeral | Santiago de Compostela | | Lic. dereito | | Definitivo |
| 23 | 33298955S | Fernández Fernández, Mónica | 5 | VP3010000015770007 | Posto base grupo A | 20 | Secretaría Xeral da Igualdade | Secretaría Xeral da Igualdade | Santiago de Compostela | | Lic. dereito | | Definitivo |
| 24 | 33301136B | Ríos Gestal, Camilo | 49 | VP4010000015770011 | Posto base grupo A | 20 | Secretaría Xeral do Benestar | Secretaría Xeral do Benestar | Santiago de Compostela | | | | Definitivo |
| 25 | 34983004G | Prieto Viso, Natalia | 38 | VP2010000015770005 | Posto base grupo A | 20 | Secretaría Xeral e de Relacións Institucionais | Secretaría Xeral e de Relacións Institucionais | Santiago de Compostela | | Lic. dereito | | Definitivo |

*Resolución do 8 de xullo de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se emprazan os interesados no recurso contencioso-administrativo P.O. 254/2009, interposto por María Olivia Rial Nieto.*

A Dirección Xeral da Función Pública recibiu da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia providencia pola que se admite a trámite o recurso contencioso-administrativo P.O. 254/2009, interposto por María Olivia Rial Nieto, contra a desestimación por silencio administrativo do recurso de alzada formulado contra a resposta do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso na categoría 004 (titulado/a superior) do grupo I de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia fronte ás alegacións presentadas contra a Resolución do 21 de xaneiro (DOG nº 18, do 25 de xaneiro de 2008), pola que se fan públicas as puntuacións obtidas polos/as aspirantes presentados/as ao terceiro exercicio da fase de oposición da quenda de acceso libre do proceso selectivo referenciado.

En consecuencia, esta dirección xeral acordou nesta data, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a remisión do correspondente expediente administrativo á referida sala. O que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento e emprázanse para que poidan comparecer como parte nos autos na Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de 9 (nove) días, contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia.*

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2009.

José María Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

*Resolución do 8 de xullo de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se emprazan os interesados no recurso contencioso-administrativo P.O. 249/2009, interposto por María del Carmen Fernández Reboredo.*

A Dirección Xeral da Función Pública recibiu da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia providencia pola que se admite a trámite o recurso contencioso-administrativo P.O. 249/2009, interposto por María del Carmen Fernández Reboredo, contra a desestimación por silencio administrativo do recurso de alzada formulado contra a resposta do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso na categoría 004 (titulado/a superior) do grupo I de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia fronte ás alegacións presentadas contra a Resolución do 21 de xaneiro (DOG nº 18, do 25 de xaneiro de 2008), pola que se fan públicas as puntuacións obtidas polos/as aspirantes presentados/as ao terceiro exercicio da fase de oposición da quenda de acceso libre e contra a desestimación por silencio administrativo do recurso potestativo de reposición formulado contra a Orde do 10 de xuño de 2008 pola que se eleva a definitiva a proposta de aspirantes que superaron o proceso selectivo anteriormente referenciado.

En consecuencia, esta dirección xeral acordou nesta data, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a remisión do correspondente expediente administrativo á referida sala. O que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento e emprázanse para que poidan comparecer como parte nos autos na Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de 9 (nove) días, contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia.*

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2009.

José María Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública